UNIVERSIDADE DO ALGARVE

Departamento de Artes e Humanidades

Centro de Estudos Galegos

# MEMORIA DO LECTORADO DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

## CURSO 2024-2025

# ÍNDICE

CONTEXTO DO CEG ........ 3
FUNCIÓNS DO/A DOCENTE DO CEG ........ 4
ACTIVIDADE DOCENTE ANUAL ........ 5
Horario docente CEG ........ 6
Alumnado ........ 7
PLANIFICACIÓN DOCENTE DAS MATERIAS IMPARTIDAS ........ 8
*Lingua e Cultura Galega I* ........ 8
*Cultura Galega I* ........ 11
*Lingua e Cultura Galega II* (Héctor Pardo Álvarez) ........ 13
*Literatura Galega* (disciplina sen condicións para abrir neste semestre) ........ 15
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DE LINGUA E CULTURA GALEGA ........ 18
Actividades 2024 / 2025 ........ 18
DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES ........ 21
VALORACIÓN XERAL DOS CURSOS DO LECTORADO ........ 22
PROPOSTAS DE MELLORA DIRIXIDAS Á SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA ........ 22
ANEXOS: CARTEIS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓNS EQUIPA UALG ........ 23

## CONTEXTO DO CEG

A Universidade do Algarve é, xunto coa Universidade do Minho (Braga) e a Universidade Nova de Lisboa, unha das institucións que alberga un lectorado de galego. Deste xeito, sumado ós dous anteriores, existen tres Centros de Estudos Galegos en toda a área de Portugal. Este feito permite amosar a boa acollida que ten a lingua e a cultura galega no territorio luso.

O Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve (abreviado, CEG-UAlg) é un centro xa consolidado, posto que leva funcionando de maneira continua ao longo de vinte e dous anos, concretamente dende o curso académico 2002/2003. Forman parte da nosa historia os diferentes profesores que asumiron a dirección do CEG, así como todas as persoas que traballaron aquí como lectores/as.

Á fronte desta nosa historia de máis de dúas décadas estivo como director do centro o profesor catedrático Pere Ferré da Ponte, coa excepción dun breve período de tres anos (2008 a 2011) en que que desempeñou o devandito cargo o profesor António Branco. Na actualidade, a directora do CEG-UAlg é a profesora María Jesús Botana Vilar, quen foi tamén a primeira representante do lectorado de galego na *Faculdade de Ciências Humanas e Sociais* (período 2002 a 2008). Despois dela chegaron Antonio Mira (2008 a 2011), Sandra Romarís (2011 a 2014), Paula García Rumbo (2014 a 2017), Patricia Arias López (2017 a 2018), Raquel López Veleiro (2018 a 2019), Claudia Mariño Gómez (2019 a 2022), Lucía Salceda García, (2022 a 2023) e Iria Domínguez Márquez (outubro de 2023 até 7 novembro 2024).

En canto a súa integración dentro da Universidade do Algarve, o Centro de Estudos Galegos forma parte do *Departamento de Artes e Humanidades* da *Faculdade de Ciências Humanas e Sociais* (Campus de Gambelas) e entre os seus obxectivos está o ensino da lingua e a cultura galegas no ámbito universitario e entre a comunidade algarvía (ámbito docente), a investigación relacionada cos estudos galegos e portugueses (plano científico e de desenvolvimento), e a difusión cultural (plano de extensión universitaria).

No ámbito da docencia, o CEG UAlg forma parte de materias optativas do deseño curricular das dúas licenciaturas do DAH (*Línguas e Comunicação Intercultural*; *Línguas, Literaturas e Culturas*), á vez que oferta cursos libres para alumnos e a comunidade. Así mesmo, formamos parte da oferta de cursos PRR (Plano de Recuperação e Resiliência) so a temática *Galiza e Portugal, dois povos peninsulares no Atlântico* [https://www.ualg.pt/curso/2955].

O CEG tamén está presente noutro tipo de actividades relacionadas directamente co ámbito da divulgación institucional, incidindo especialmente na área dos estudos galegos. Entre este tipo de actividades están:

- A participación, xuntamente co grupo de docentes de lingua do departamento, no *Dia Aberto da Universidade*. Esta actividade conxunta ten como finalidade presentar a alumnado de secundaria, de visita na UAlg, a diversidade lingüística e cultural existente na FCHS.
- Colaboración coa *Equipa UAlg* (https://www.ualg.pt/equipa-ualg-palestras) cunha palestra titulada *A Europa do século XXI: as linguas unha ponte para a interculturalidade*. Neste caso somos os docentes, de forma totalmente voluntaria, os que propoñemos unha actividade para levar ás escolas de secundaria. Ao longo de 2025 recibimos pedidos de dúas escolas: Escola Secundária de Vila Real de Santo António (27 febreiro, 11:00 a 12:55 h; alumnos do 10º); Escola Secundária Tomás Cabreira-Faro (7 de maio, 10:30 a 11:30 h).

Unha das colaboracións permanentes e máis produtivas para o CEG é a que vimos mantendo co CIAC (Centro de Investigação em Artes e Comunicação: https://ciac.pt/). En primeiro lugar, porque sempre contamos co apoio incondicional da coordenación do centro (a profesora Mirian Tavares ao longo de todos estes anos; actualmente, o profesor Bruno Mendes da Silva) para sacar adiante a edición da Colección Textos e Estudos (https://ciac.pt/publicacoes/centro-de-estudos-galegos/). O magnífico traballo de maquetación e dispoñibilidade online desta colección debémoslla ao enxeñeiro informático Juan Manuel Escribano Loza (CIAC).

Outra das colaboracións, tamén permanentes e frutíferas, é a rede constituída polos tres Centros de Estudos Galegos das universidades portuguesas (Faro, Lisboa e Minho). Este vínculo permitiunos realizar varios eventos científicos internacionais, aulas abertas, un programa radiofónico, publicacións e traballos de investigación conxuntos, etc.

## FUNCIÓNS DO/A DOCENTE DO CEG

Na Universidade do Algarve, o/a docente do CEG cumpre co disposto no artigo 2 do convenio de colaboración asinado entre ambas institución (docencia; promoción e difusión de actividades; investigación), mais sempre en colaboración directa coa dirección do devandito centro.

En canto á primeira das funcións, o/a docente desempeña unha tarefa importante, xa que son catro as catro materias ofrecidas como optativas: durante o primeiro semestre (outubro a finais de xaneiro) impártense *Lingua e Cultura Galega I; Cultura Galega.* No segundo semestre (febreiro a xuño) ofértanse *Lingua e Cultura Galega II; Literatura Galega.* Asignaturas que forman parte do currículo das licenciaturas de *Línguas, Literaturas e Culturas* (LLC: variantes de Portugués-Español; Inglés-Español; Francés-Español) e *Línguas e Comunicação Intercultural* (LCI).

No ámbito da extensión, o/a docente do CEG debe fomentar a colaboración e organización de múltiples actividades, co obxectivo de divulgar e promover a lingua, a cultura e a literatura galegas entre a comunidade académica e o resto da comunidade algarvía. Dentro deste labor de organización e creación de actividades tamén é de vital importancia que o/a docente, en colaboración directa coa directora do centro, continúe a fomentar as sólidas redes creadas anteriormente polo CEG-UAlg, mais sen esquecer o continuo fomento de novos contactos entre lectores/as e lectorados. Deste xeito, a experiencia será moito máis rica e a promoción do galego e de Galicia poderá realizarse dende múltiples perspectivas, xa que o/a lector/a poderá unirse á actividade investigadora e editora do centro.

## ACTIVIDADE DOCENTE ANUAL

O *Centro de Estudos Galegos* da Universidade do Algarve caracterizouse desde os seus inicios por ofrecer unha oferta educativa inserida no curriculum académico de varias licenciaturas da FCHS. Tal e como sinalamos anteriormente, son catro as materias ofertadas anualmente (*Lingua e Cultura Galega II, Lingua e Cultura Galega I, Literatura galega* e *Cultura galega*), un curso centrado nas relacións Galiza-Portugal no ámbito do programa europeo PRR, alén da posibilidade de apertura de cursos libres de lingua, literatura ou cultura para a comunidade. A responsabilidade docente destas materias recae sobre o/a lector/a, agás o curso PRR en que participa tamén a directora do centro.

A actividade docente do ano 2025, aprobada pola Comisión Científica do DAH, debería ter sido a mesma que en anos anteriores, isto é:

- **1º SEMESTRE**
    - *Lingua e Cultura Galega I* (57 h, materia optativa para os cursos de LLC e LCI, 6 ECTs)
    - *Cultura galega* (44 h, materia optativa para os cursos de LLC e LCI, 6 ECTs)
    - *Curso-livre de Língua e Cultura Galega. Nivel A2* (40 h)

- *Curso PRR* (16 h). A lectora imparte 8 h e a directora outras 8 h

- **2º SEMESTRE**
  - *Língua e Cultura Galega II* (57 h, materia optativa para os cursos de LLC e LCI, 6 ECTs)
  - *Literatura galega* – (44 h, materia optativa para os cursos de LLC e LCI, 6 ECTs )
  - *Curso-livre de Língua e Cultura Galega. Nivel B1* (40 h)

Canto á súa distribución semanal, cómpre sinalar que as materias de 44 horas están divididas en aulas teóricas (T), que duran unha hora; e as aulas teórico-prácticas (TP), que duran dúas horas. A isto, hai que engadirlle cinco horas de OT (orientación tutorial) en cada unha das materias. Por tanto, as materias cuxa duración é de 44 horas semestrais constan de: 13T; 26TP; 5OT (156 horas de traballo autónomo; 6 ECTS). Na práctica, isto concretízase en 3 horas de clases por semana.

As materias de lingua (*Língua e Cultura Galega I e Língua e Cultura Galega II*) corresponden a 57 horas lectivas semestrais, o que equivale a 4 horas por semana. Por tanto, a súa distribución semanal é a seguinte: 2 horas teórico-prácticas (TP); 2 horas de práctica laboratorial (PL); 5 horas de OT. En resumo: 26TP; 26PL; 5OT (156 horas de traballo autónomo; 6 ECTS).

É importante sinalar que, alén desta distribución de horas, cada disciplina dispón dun tempo de atendemento semanal, o cal se corresponde coa metade das horas semanais da materia. É dicir, dúas horas no caso das materias de *Lingua* e unha hora e media nas de *Literatura* e *Cultura*.

No relativo ao horario docente cabe subliñar que é marcado sempre polo *Conselho Pedagógico* (CP) da FCHS, agás no caso das sesións OT en que corresponde aos docentes marcar ditas sesións, mais sempre en función da dispoñibilidade horaria dos diversos cursos. Do mesmo xeito, é competencia do CP a marcación das datas de exame de época normal e recurso (xaneiro para o primeiro semestre; xuño para o segundo semestre). A avaliación feita ao longo do semestre (*avaliação por frequência*) é marcada polo docente no inicio de cada semestre.

## Horario docente CEG

- **1º SEMESTRE**
  - *Língua e Cultura Galega I*
    - HORARIO DE AULA: segunda feira, de 10.30h a 12.30h (TP); cuarta feira, de 14.30 a 16.30h (PL).

        - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2h; unha sesión de 1h.

    - *Cultura Galega*
        - HORARIO DE AULA: terza feira, de 08.30 a 10.30h (TP); sexta feira, de 12.30 a 13.30h. (T).
        - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 1.5h e nunha sesión de 2h.
    - HORARIO DE ATENDEMENTO PRIMEIRO SEMESTRE (COMÚN A AMBAS MATERIAS): segunda, de 12.30h a 13.30h; cuarta feira, de 16.30h a 17.30h; sexta feira, de 10.00h a 12.30h

- 2º SEMESTRE
    - *Lingua e Cultura Galega II*
        - HORARIO DE AULA: segunda feira, de 14.00h á 16.00h (TP); terza feira, de 15.00 a 17.00h
        - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2.5h, unha semana antes de cada proba
    - HORARIO DE ATENDEMENTO: segunda, de 16.30h a 18.30h

    - *Literatura Galega* (non abriu)

HORARIO DE ATENDEMENTO: segunda, de 11.30 a 13.30

## Alumnado

No primeiro semestre (setembro a finais de xaneiro), a disciplina de *Lingua e Cultura Galega I* contou con 19 alumnos inscritos (16 mulleres e 3 homes) e a de *Cultura Galega* contou con 17 alumnos inscritos (16 mulleres e 1 home). Este alumnado procedía de dous graos: Línguas, Literaturas e Culturas (todas as variantes) e Línguas e Comunicação Intercultural, impartidos ambos na propia Faculdade de Ciências Humanas e Sociais (Campus de Gambelas).

No segundo semestre (febreiro a finais de xuño), abriu só a disciplina de *Lingua e Cultura Galegas II*, ofertada aos mesmos graos anteriormente citados e contou cun total de 20 alumnos inscritos (17 mulleres e 3 homes).

Canto á actividade docente debe ser subliñado que a inesperada renuncia da bolseira antes do remate do semestre, obrigou á súa sustitución. Neste caso, foi a profesora Claudia Mariño Gómez, antiga docente do CEG UAlg, quen se encargou das dúas disciplinas e rematou o semestre.

No caso do segundo semestre, foi Héctor Pardo Álvarez, lector oficial da Universidade Nova de Lisboa, quen se encargou de impartir *Lingua e Cultura Galega II.*

## PLANIFICACIÓN DOCENTE DAS MATERIAS IMPARTIDAS

### *Lingua e Cultura Galega I*

**Obxectivos**

- Participar en interaccións sociais dentro da esfera social.
- Recoñecemento da importancia da diversidade lingüística.
- Analizar contrastes culturais entre Portugal e Galiza.
- Coñecer e usar convencións sociais e de cortesía na interacción verbal e non verbal.
- Participar de forma consciente e autónoma a aprendizaxe do galego.
- Planificar o propio proceso de aprendizaxe, obtendo o máximo proveito dos recursos dispoñíbeis.
- Desenvolver a capacidade de autoavaliación a través dunha reflexión da propia aprendizaxe.

**Contidos**

- Unidade 1
    - Introdución á situación actual da lingua galega
    - O alfabeto galego
    - Dar e solicitar datos persoais
    - Presentarse, saudar, expresar intencións e intereses
    - Facer recomendacións
    - Os números do 0 ao 100
    - O presente
    - O artigo determinado

- Unidade 2
    - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
    - Identificar e describir fisicamente as persoas
    - Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas
    - Preguntar sobre gustos e intereses
    - Contrastar gustos e preferencias
    - Falar de relacións persoais
    - Os posesivos
- Unidade 3
    - Manifestacións culturais na actualidade
    - Expresar existencia e localización
    - Realizar descricións e comparacións
    - O artigo indeterminado
    - Os cuantificadores
- Unidade 4
    - Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos
    - Falar de hábitos
    - Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades
    - Os dias da semana, os meses e as estacións
    - As perífrases verbais
- Unidade 5
    - Tradicións galegas
    - Expresar necesidade
    - Captar a atención das persoas
    - Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
    - Convidar e aceptar ou rexeitar un convite
    - Dar escusas e xustificar
    - Os números a partir do 100
    - O imperativo
    - A acentuación
- Unidade 6
    - Música galega
    - Falar de experiencias pasadas, destrezas e aptitudes

- Enumerar calidades e defectos das persoas
- O pretérito
- Os adxectivos de carácter
- Os indefinidos

## Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

## Avaliación

O sistema de avaliación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Esta é unha disciplina presencial, polo que é requisito indispensábel para poder presentarse á proba de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

**Bibliografía**

Álvarez, Rosario e Xosé Xove, Gramática da língua galega, Vigo, Galaxia, 2002

Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, Aula de galego 1, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]

González, Begoña, Ortografía da lingua galega, A Coruña, Galinova, 2004

López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión, A Coruña, Baía edicións, 2011

Mata, Ana María e Emilio Núñez, Curso de galego para non-galegofalantes, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia

Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf]

Real Academia Galega, Dicionario da Real Academia Galega, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line: http://www.realacademiagalega.org/dicionario]

Vázquez, Pilar, O que um falante de Português deve saber acerca do Galego, Edições Colibri, Lisboa, 2002

## *Cultura Galega I*

**Obxectivos**

- Seleccionar os instrumentos adecuados para unha aproximación metódica do fenómeno cultural.
- Elaborar unha análise crítica sobre os factos mais relevantes da cultura galega.
- Indagar sobre as especificidades da cultura galega no contexto internacional.
- Capacidade de estabelecer unha actitude de interese perante novas experiencias, outras ideas e civilizacións.
- Capacidade de crítica e autocrítica.
- Capacidade de traballo interdisciplinario.

## Contidos

- **Unidade 1,** "Territorio, paisaxe e identidade"
- **Unidade 2,** "Historia social de Galiza": romanización. Reino de Galiza na Idade Media. Séculos Escuros e Ilustración. Nacionalismo no século XX. Emigración e Diáspora
- **Unidade 3,** "Historia da lingua galega"
- **Unidade 4,** "O Camiño de Santiago: a tradición popular. Os camiños. O final da viaxe, Santiago de Compostela. Os ritos peregrinos"
- **Unidade 5,** "A tradición: lendas, imaxinario colectivo e formas de literatura popular. A gastronomía. As festas populares"
- **Unidade 6,** "A gastronomía galega". As festas populares en Galicia.
- **Unidade 7,** "Análise da produción cultural ao longo do século XX-XXI: arte, cinema, música, literatura..."

## Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiu as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a análise e comentario de textos. O obxectivo foi que o alumnado adquirise as nocións teóricas desta unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos culturais.

## Avaliación

A avaliación da materia consistiu nunha proba presencial, que supoñía o 70%, e un traballo individual, que supoñía o 30% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

Cultura Galega é unha disciplina presencial, polo que foi requisito indispensábel para poder presentarse ás probas de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

## Bibliografía

Blanco Pérez, Domingo: Historia da literatura popular galega. Colec. Galicia, 1994

Cocho, Federico: A festa do entroido. Baiona, Nigrátea, 2014

Mariño Ferro, X. R.: Antropoloxía de Galicia. Vigo, Xerais, 2000

Murado, Miguel Anxo: Outra idea de Galicia. Barcelona, Debate, 2013

Nogueira, Xosé: O cine en Galicia. Vigo, A Nosa Terra, 1997

Reigosa, Antonio: Galicia encantada: o país das mil e unha fantasías. Vigo, Xerais, 2015

VV.AA: Galicia, unha luz no Atlántico. Vigo, Xerais, 2001

VV.AA.: Historia xeral de Galicia. Vigo, A Nosa Terra, 2005

*Lingua e Cultura Galega II* (Héctor Pardo Álvarez)

**Obxectivos**

- Fomentar o interese cara as novas linguas, prestando atención tamén ós casos das linguas minorizadas e minoritarias.
- Conseguir unha actitude de apertura por parte do alumnado de cara a realidade sociolingüística das linguas.
- Acadar o nivel A1 do *Marco común europeo de referencia para as linguas* na produción e o nivel A2 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.
- Exercitar a capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse ós contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Achegar ó alumnado á lingua e cultura galega.
- Conseguir traballar de maneira tanto individual cono en parellas ou pequenos grupos, levando a cabo as actividades do día a día nas aulas.
- Fomentar a capacidade de debate entre o alumnado.

**Contidos**

Devido às fortes relações históricas e culturais que unem a Galiza e Portugal, bem como a língua galega e portuguesa, e que justificam a presença da língua e cultura galega no currículo do curso, a abordagem da disciplina foi muito específica para alunos de fala portuguesa e visou proporcionar um conhecimento da Galiza e o galego sempre a partir do seu próprio conhecimento sobre o português e a

histórica e cultura de Portugal, com o objetivo de suscitar o seu interesse e curiosidade por uma realidade muito próxima mas frequentemente desconhecida.

Assim, realizou-se um percurso histórico desde a época pré-romana até a atualidade para perceber qual foi a história social da língua galega, a história compartilhada da Galiza e Portugal e as difereêntes etapas do caminho que seguiu a Galiza após a independência de Portugal.

Este percurso serviu para introduzir cronologicamente aqueles aspetos linguísticos do galego atual que emergem a partir do século XII e que fazem com que o galego e o português gradualmente comecem a divergir. Assim, a maior parte dos aspetos da língua galega que se abordaram na disciplina, vista a grande semelhança entre línguas, foram aqueles que diferem do português no plano gramatical, morfológico, léxico e ortográfico.

Esta viagem pela história serve também para introduzir os conteúdos das outras áreas lecionadas na disciplina, pois a história social da língua é a base para perceber a situação sociolinguística passada e presente na Galiza e a base sobre a qual contextualizar a literatura e a cultura em geral.

## Metodoloxía

A metodologia utilizada foi diversa para dar aos alunos um papel ativo no processo de aprendizagem e alternou as explicações teóricas sobre aspetos linguísticos e culturais, com a leitura e elaboração de textos de parte do alunado, a realização de exercícios de língua, a visualização de vídeos, documentários e filmes e a celebração de concursos. No final da disciplina, os alunos legendaram um filme do galego para o português mediante um software de legendagem

## Avaliación

A disciplina foi avaliada mediante:

- A assiduidade às aulas.
- A realização de parte dos estudantes de duas apresentações orais sobre lugares de destaque da Galiza e sobre festas e tradições culturais.

- Um trabalho de reflexão escrita sobre um aspeto sociolinguístico.
- Um projeto de legendagem para português dum filme galego.
- O teste final de frequência.
- A época de exame "normal" e "recurso" (para aquel alumnado que non logrou acadar a nota mínima no proceso de avaliación continua ao longo do semestre).

Resultados.— A aquisição de competências e o desempenho de parte dos alunos foi o adequado. Em geral, a maior parte deles frequentou as aulas e se interessou pelo desenvolvimento da disciplina.

Do total de 20 alunos inscritos, 15 superaram a disciplina em época normal e 1 em época de recurso.

**Bibliografía**

Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega,* Vigo, Galaxia, 2002

Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística,, 2008 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]

González, Begoña, *Ortografía da lingua galega,* A Coruña, Galinova, 2004

López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Conunicación e expresión,* A Coruña, Baía edicións, 2011

Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes,* Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia.

Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego,* Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf]

Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega,* A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line: http://www.realacademiagalega.org/dicionario]

Vázquez, Pilar, *O que um falante de Português deve saber acerca do galego,* Edições Colibri, Lisboa, 2002

*Literatura Galega* (disciplina sen condicións para abrir neste semestre)

**Obxectivos**

- Identificar, analizar e interpretar, a través das diversas manifestacións artísticas estudadas, os acontecementos mais relevantes para a literatura galega.
- Realizar unha análise crítica dos textos literarios propostos e relacionar os textos coa sociedade en que foron producidos.
- Avaliar a consideración da literatura, do cinema, da pintura e da música como disciplinas artísticas, e o diálogo que mantén entre elas, tanto de un punto de vista sincrónico e diacrónico.
- Estabelecer a importancia das transferencias entre as esferas literaria, musical, pictórica e cinematográfica da Galiza ao longo da historia dos séculos XX e XXI.
- Obter unha visión panorámica da relación entre o cinema, a música, a pintura e a literatura galegas, procurando comprender a singularidade desta relación como consecuencia do contexto social e cultural en que se desenvolveu.
- Desenvolver a capacidade analítica e crítica do alumno.
- Desenvolver a capacidade de traballo interdisciplinar, autónomo e grupal.

**Contidos**

- A lectura da obra de arte. O cruzamento das varias artes (literatura, cinema, música e artes plásticas) complicidades e complementariedades.
- A literatura medieval galego-portuguesa sacra e profana: un diálogo entre a imaxe, a música e o texto.
- Os Séculos Escuros e a Ilustración: as sombras e as luces nas manifestacións culturais galegas.
- século XIX: o Rexurdimento da literatura galega e a súa influencia nas manifestacións artísticas galegas posteriores.
- século XX: O comezo do diálogo entre o cinema e a literatura galega.
- A Guerra Civil Española: da interrupción do discurso literario e artístico galego à lenta recuperación.
- A década de 50: a Nova Narrativa Galega e as súas conexións coas outras artes.
- A literatura galega na contemporaneidade e a súa relación co teatro, o cinema e outras artes.

## Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiu as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a análise e comentario de textos. O obxectivo foi que o alumnado adquirise as nocións teóricas desta unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos culturais.

## Avaliación

A avaliación da materia consistiu en dúas probas presenciais, que supoñían o 80%, e un traballo individual, que supoñía o 20% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

Cultura Galega é unha disciplina presencial, polo que foi requisito indispensábel para poder presentarse ás probas de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

## Bibliografía


Bernárdez, C. L. et alii (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra.

Carballo Calero, R. (1979). Historia da literatura galega contemporánea. Vigo: Galaxia.

Casas, A. e López-Pellisa, T. (eds.) (2017). Diálogos interartísticos: Cultura, Literatura y Artes. Madrid: Ediciones de Aquí.

Del Pulgar, C. (ed.) (2004). Artistas galegos: pintores. Vigo: Nova Galicia.

Fernández, M. A. (2010). O cine e o audiovisual. En V. F. Freixanes e A. Meixide (eds.), O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia (pp. 391-429). Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.

